

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS**

### **Artigo 1º.- Fundamento e natureza**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e consoante o que dispoñen os artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa de depuración de augas residuais, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ó previsto no artigo 58 da devandita Lei 39/1988.

### **Artigo 2º.- Feito imponible**

1. Constitúe o feito imponible da taxa o prestación dos servizo de depuración de augas residuais vertidas a través da rede de sumidoiros.
2. A taxa non afecta aos inmobles derruídos, declarados ruinosos ou que teñan a condición de terreo.

### **Artigo 3º.- Suxeito pasivo**

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, ocupantes ou usuarios dos inmobles do termo municipal afectados polo servizo, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufructuarios, habitantes ou arrendatarios, mesmo en precario.
2. En todo caso terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais o propietario destes inmobles, que poderá

repercutir, no seu caso, sobre os respectivos beneficiarios do servizo as cotas pagadas.

#### **Artigo 4º.- Responsables**

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

#### **Artigo 5º. Cota tributaria**

A cota desta taxa será a que figure no anexo desta Ordenanza.

#### **Artigo 6º. Obriga de contribuír**

1. A obriga de contribuír que orixina o cobro da taxa, prodúcese cando comeza a actividade municipal que constitúe o seu feito impositivo, é dicir:

a) Desde a data de presentación da oportuna solicitude de licenza de conexión, se o suxeito pasivo a formula expresamente.

b) Desde que teña lugar a efectiva conexión á rede municipal de sumidoiros. O dereito ao cobro por esta modalidade de taxa producirase con independencia de que se obtivera ou non a licenza de conexión e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

2. Os servizos de depuración teñen carácter obrigatorio para tódolos inmobles do municipio que teñan fachada ás rúas, prazas ou vías públicas nas que exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e o inmovible non exceda de 100 m. Aínda que os interesados non teñan conexión á rede estarán obrigados a contribuír.

### **Artigo 7º. Declaración, liquidación e ingreso**

1. Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte declararán a alta e baixa no censo de suxeitos pasivos da taxa, no prazo que media entre a data en que se produza a variación na titularidade da finca e o último día do mes seguinte. Estas declaracións producirán efecto desde a primeira liquidación que se efectúe logo de finalizado o prazo de presentación das mesmas.

A inclusión inicial no censo farase de oficio despois de concedida a licenza de conexión á rede.

2. As cotas esixibles por esta taxa liquidaranse e recadaranse polos mesmos períodos e nos mesmos prazos que os recibos de subministro e consumo de auga, correspondendo a súa xestión ó Concello ou a que se encomendase a súa concesión.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza fiscal cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 30.08.01, será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2002, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

## **ANEXO: TARIFAS**

### **a) Abonados con contador e servizo de abastecemento de auga:**

#### ***Cota fixa mensual***

- Uso doméstico 3,037 euros/m<sup>3</sup>.
- Uso comercial 3,037 euros/m<sup>3</sup>.
- Uso industrial, hostalería e outros 5,210 euros/m<sup>3</sup>.

#### ***Por consumo***

- Uso doméstico 0,194 euros/m<sup>3</sup>.
- Uso comercial 0,194 euros/m<sup>3</sup>.
- Uso industrial, hostalería e outros 0,194 euros/m<sup>3</sup>.

### **b) Abonados sen contador e sen servizo de abastecemento de auga:**

- Uso doméstico 16,535 euros/m<sup>3</sup>.
- Uso comercial 16,535 euros/m<sup>3</sup>.
- Uso industrial, hostalería e outros 47,306 euros/m<sup>3</sup>.

**c) Abonados con subministro non procedente da rede municipal de abastecemento de auga:**

Aqueles abonados/industriais que para o seu proceso de produción utilicen medios propios de abastecemento de auga, exclusivamente ou conxuntamente coa auga da rede municipal e vertan á rede de sumidoiros un caudal moi superior ao consumido da rede municipal, instalarán, ao seu cargo, aparatos para a medida do caudal vertido á rede. De mutuo acordo entre a empresa e o concesionario do servizo de augas poderase realizar un aforo do caudal vertido, a efectos de facturación.

Facturarase de acordo coa seguinte tarifa:

- Cota fixa mensual: **5,210 euros/mes.**
- Cada m<sup>3</sup> vertido (medido ou aforado): **0,194 euros/m<sup>3</sup>.**

(Última modificación BOPPO Num. 234 de data 5-12-18)